




Como podemos estimular
a linguaxe d@s nos@s fill@s?



CEIP "MAR DE FÓRA"
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Algunhas suxestións


- Faládelle **amodo** e de forma **clara**.
- Non vos **adiantedes** a darlle as cousas cando as pida de forma xestual, deixade que o faga verbalmente, ca boca.
- **Falade** con el ou ela a miúdo, de xeito correcto e sen imitar a súa forma de falar. Porque cando o neno ou a nena non pronuncia ben unha palabra, debémoslle de dar un bo modelo, repetindo de forma correcta, pero sen esixirle a súa realización. Por exemplo, se di “quedo pota”, pódesele contestar, “Ah, queres a pelota. Queres que xogamos á pelota?”



- Hai que ensinar pouco a pouco, sen esixir que pronuncie ben, felicitándoo polo mero feito de imitar a palabra presentada. Sen atosigar porque vos parece que vai lento, cada quen ten **o seu ritmo**.
- Voso fill@ vai adquirir a linguaxe **falando, vendo e tocando** as cousas. Aproveitade as ocasións da vida cotiá e os acontecementos extraordinarios, como os aniversarios, excursións,... para falar con el ou ela.
- Na súa alimentación debe haber diferentes texturas. **Mastigar** é un exercicio estupendo para a fala.

Actividades e xogos

- **Enumerar obxectos** cotiás: obxectos que miramos pola rúa, as froitas da froitería,...
- Cancións, adiviñas, refráns, trabalinguas, rimas,...
- “Vexo, vexo. Que ves?”
- Ler **contos** xuntos é un exercicio xenial.
- **Contar cousas** de forma ordeada: que fixo antes, que estamos a facer agora, que fará despois, que fará mañá,...
- Mirade **xuntos** unha película e falade diso.
- Fomentade o xogo imaxinativo. Sen abusar do uso de videoxogos, tablet, televisión,...
- Facer movementos diante do **espello**, tamén coa cara e a boca: pedorretas, morriños, bicos, baile de linguas,...





*“O mellor legado dun pai ao seu fill@
é un pouco do seu tempo cada día.”*

L.B. Alberti